



DATOS IDENTIFICATIVOS

Educación: Teoría e institucións contemporáneas da educación

Materia	Educación: Teoría e institucións contemporáneas da educación			
Código	O05G110V01204			
Titulación	Grao en Educación Infantil			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Análise e intervención psicosocioeducativa			
Coordinador/a	Vieites García García, Manuel F.			
Profesorado	Vieites García García, Manuel F.			
Correo-e	mvieites@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Como materia de formación básica, a denominada Educación. Teoría e Institucións contemporáneas, da Educación ten como finalidade introducir ao futuro graduado no universo educativo a través da análise da educación como práctica cultural presente en todas as sociedades, e estreitamente relacionada con cuestións sociais, económicas e políticas. Persegue que o futuro graduado coñeza e valore, nunha perspectiva crítica, o concepto de educación, os seus procesos, axentes e institucións, xunto coa súa evolución histórica e o proceso de configuración do sistema educativo. Busca igualmente unha comprensión histórica, contextual e crítica do fenómeno educativo, que oriente finalmente a súa praxe profesional nunha perspectiva reflexiva e transformadora. Tamén se analizan os aspectos básicos do desenvolvemento histórico da educación en España e en Galicia, prestando especial atención á Educación Infantil, e ao proceso de configuración da profesión docente nesta etapa educativa.			

Competencias de titulación

Código	
A1	Coñecer os obxectivos, contidos curriculares e criterios de avaliación da Educación Infantil
A2	Capacitar os docentes para que aprendan a promover e facilitar as aprendizaxes na primeira infancia, desde unha perspectiva globalizadora e integradora das diferentes dimensións cognitiva, emocional, psicomotora e volitiva
A12	Comprender a función, as posibilidades e os límites da educación na sociedade actual e as competencias fundamentais que afectan aos colexios de educación infantil e aos seus profesionais. Coñecer modelos de mellora da calidade con aplicación aos centros educativos
B1	Capacidade de análise e síntese
B2	Capacidade de organización e planificación
B7	Resolución de problemas
B8	Toma de decisións
B9	Traballo en equipo
B13	Razoamento crítico
B14	Compromiso ético
B19	Coñecemento doutras culturas e costumes
B21	Motivación pola calidade

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Analizar, comprender e avaliar a educación como feito e como acción-intervención desde os marcos teóricos que nos proporcionan distintas teorías contemporáneas da educación	A12	B1 B13 B14 B19

Analizar a evolución histórica das institucións educativas formais e non formais tendo en conta os condicionamentos sociais, políticos e normativos.	A12	B1 B13 B14
Desenvolver un coñecemento reflexivo e crítico da educación que permita comprender a complexidade do proceso educativo.	A12	B1 B7 B13 B14
Valorar a acción educativa do mestre na educación infantil como un proceso de intervención profesional, o que supón explicar, xustificar e xerar pedagoxicamente a súa intervención	A1 A2 A12	B1 B2 B7 B8 B9 B13 B21

Contidos

Tema	
I. CONCEPTO E FINALIDADE DA EDUCACIÓN	Concepto de educación. Dimensións da educación. Educación en valores. Píares da educación. O universo educativo.
II. O COÑECEMENTO CIENTÍFICO DA EDUCACIÓN	Saber pedagóxico e coñecemento científico. A pedagogía como ciencia e disciplina. O coñecemento da educación e as ciencias da educación. Achegas para a praxe educativa.
III. AXENTES E INSTITUCIÓNS EDUCATIVAS	Relacións familia, escola e comunidade. A profesión docente e o proceso de comunicación. Do centro escolar á cidade educadora. Movements e institucións educativas.
IV. TEORÍAS EDUCATIVAS CONTEMPORÁNEAS	Antecedentes e inicio da modernidade pedagóxica. A escola nova. Teorías socialistas. Teorías antiautoritarias. Teorías personalistas. Teorías críticas coa institución escolar. A teoría educativa no inicio do século XXI.
V. HISTORIA DA EDUCACIÓN INFANTIL	Nacemento e desenvolvemento dos sistemas educativos. Evolución da normativa educativa en España e Galicia. A escola infantil na súa historia e no momento actual.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introductorias	2	2	4
Sesión maxistral	20	10	30
Debates	8	8	16
Resolución de problemas e/ou exercicios	7.5	7.5	15
Seminarios	8	8	16
Traballos de aula	7	7	14
Traballos tutelados	0	32	32
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	0	2	2
Probas de tipo test	0	1	1
Cartafol/dossier	0	20	20

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introductorias	Presentación da persoa responsable da docencia e do programa da materia. Avaliación inicial de expectativas, coñecementos e actitudes.
Sesión maxistral	Exposición por parte da persoa responsable da docencia dos contidos da materia e das bases teóricas e directrices do traballo a desenvolver polo estudantado.
Debates	O alumnado comentará e analizará nunha perspectiva reflexiva e crítica cuestións cunha orientación teórica e práctica vinculadas cos contidos básicos da materia.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Orientados a analizar casos, estudo de situacións, comentar textos ou afondar ou complementar os contidos da materia.
Seminarios	Actividades enfocadas ó traballo sobre un tema específico. Empregaránse como complemento das sesións maxistras, para desenvolver competencias instrumentais relacionadas co marco teórico da materia.
Traballos de aula	Terán como finalidade a exposición de comentarios, recensións, actividades ou traballos de tipo individual e/ou colectivo por parte do alumnado con debate posterior.
Traballos tutelados	O alumnado deberá realizar de forma individual e/ou grupal varios traballos sobre algúns dos temas vinculados cos contidos da materia.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Seminarios	Tempo dedicado a resolver dúbidas sobre contidos, traballos e as prácticas da materia, sexa durante o traballo na aula sexa durante o tempo de titoría docente individual fóra da aula. En todas estas actividades cabe a posibilidade de realizar un seguimento individual de cada persoa presente na aula.
Debates	Tempo dedicado a resolver dúbidas sobre contidos, traballos e as prácticas da materia, sexa durante o traballo na aula sexa durante o tempo de titoría docente individual fóra da aula. En todas estas actividades cabe a posibilidade de realizar un seguimento individual de cada persoa presente na aula.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Tempo dedicado a resolver dúbidas sobre contidos, traballos e as prácticas da materia, sexa durante o traballo na aula sexa durante o tempo de titoría docente individual fóra da aula. En todas estas actividades cabe a posibilidade de realizar un seguimento individual de cada persoa presente na aula.
Traballos de aula	Tempo dedicado a resolver dúbidas sobre contidos, traballos e as prácticas da materia, sexa durante o traballo na aula sexa durante o tempo de titoría docente individual fóra da aula. En todas estas actividades cabe a posibilidade de realizar un seguimento individual de cada persoa presente na aula.
Traballos tutelados	Tempo dedicado a resolver dúbidas sobre contidos, traballos e as prácticas da materia, sexa durante o traballo na aula sexa durante o tempo de titoría docente individual fóra da aula. En todas estas actividades cabe a posibilidade de realizar un seguimento individual de cada persoa presente na aula.
Probas	Descrición
Cartafol/dossier	Tempo dedicado a resolver dúbidas sobre contidos, traballos e as prácticas da materia, sexa durante o traballo na aula sexa durante o tempo de titoría docente individual fóra da aula. En todas estas actividades cabe a posibilidade de realizar un seguimento individual de cada persoa presente na aula.

Avaliación

	Descrición	Cualificación
Traballos de aula	Asistencia e participación activa nas actividades de aula.	10
Traballos tutelados	Traballos, comentarios ou recensións a realizar.	20
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	Proba de carácter escrito no que se deberán analizar documentos ou desenvolver cuestións vinculadas cos eixes temáticos do programa.	20
Probas de tipo test	Proba de resposta curta na que o alumnado deberá escoller a resposta correcta a unha pregunta entre varias posibles.	30
Cartafol/dossier	O alumnado deberá realizar un seguimento das actividades de aula e trasladalo a un documento xeral que recolla os contidos tratados na materia xunto coas súas achegas persoais.	20

Outros comentarios sobre a Avaliación

O alumnado deberá comunicar ao profesorado por cal dos dous procesos de avaliación vai optar na primeira quincena do curso, agás no caso do alumnado que perda o dereito á avaliación continua por faltas de asistencia. Calquera outra circunstancia, deberá ser comunicada ao profesorado para os efectos da avaliación.

Avaliación continua para o alumnado asistente. Realizarase segundo os seguintes parámetros:

1. Traballos de clase: 10%. (1 punto)
2. Traballos tutelados individuais ou colectivos, que poderán consistir na lectura e comentario dun libro: 20%. (2 puntos)
3. Cartafol: 20%. (2 puntos)
4. Proba escrita na que se desenvolverán subtemas do programa: 20% (2 puntos)
5. Proba de tipo test: 30% (3 puntos)

Para obter unha cualificación positiva o alumnado deberá acadar o 50% de cada unha das porcentaxes.

O alumnado asistente que non supere o proceso de avaliación continua deberá realizar unha proba extraordinaria seguindo as instrucións do profesor coa finalidade de traballar aqueles contidos non superados e acadar as competencias a eles asociadas.

Avaliación de non asistentes. Terán a consideración de non asistentes aqueles alumnos/as que non teñan acadado o 80% da asistencia. A ficha con foto e datos persoais deberá ser entregada ao profesorado nas dúas primeiras semanas de clase. Para a superación da materia deberá acadarse o 50% de todos os apartados sinalados na avaliación. A avaliación ordinaria e extraordinaria para o alumnado non asistente consistirá en:

1. Cartafol que conterà un desenvolvemento de varios subtemas do programa. 2 puntos.
2. Traballo individual programado co profesorado que poderá consistir na lectura e comentario dun libro: 2 puntos.
3. Proba escrita que consistirá no desenvolvemento de subtemas incluídos no temario: 6 puntos.

IMPORTANTE: No caso de superar algunha das partes da materia conservarase a cualificación para o mesmo curso académico, debendo superar unicamente as probas nas que non se obtivera a cualificación mínima sinalada máis arriba.

No seguinte enlace pódese consultar día/hora/lugar do examen (apartado *datas exames*):

<http://webs.uvigo.es/educacion-ou/web/index.php>

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía básica, que será complementada con bibliografía específica, de ser necesario, para cada tema ou subtema.

Carreño, M. (ed.) (2000): *Teorías e institucións contemporáneas de educación*, Madrid, Síntesis.

Colom Cañellas, A., e Núñez Cubero, Luís (2005): *Teoría de la educación*, Madrid, Síntesis.

Escolano Benito, Agustín (2002): *La educación en la España contemporánea*, Madrid, Biblioteca Nueva.

Pozo Andrés, María del Mar (ed.) (2009): *Teorías e institucións contemporáneas de educación*, Madrid, Biblioteca Nueva.

Sarramona, J. (2008): *Teoría de la Educación. Reflexión y normativa pedagógica*, Barcelona, Ariel.

Suárez Pazos, Mercedes; Cid Fernández, X. M., e Benso Calvo, Carmen (2006): *Memoria da escola*, Vigo, Xerais.

VV. AA. (1999): *La educación en el siglo XXI: los retos del futuro inmediato*, Barcelona, Graó.

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Socioloxía: Socioloxía da educación/O05G110V01105

Educación: Escola inclusiva e atención á diversidade/O05G110V01302

Ética e deontoloxía profesional/O05G110V01902

Socioloxía: Sociedade, cultura e pensamento/O05G120V01104

Outros comentarios

Resulta aconsellable que o alumnado coñeza a maneira de traballar cun procesador de textos, e igualmente que saiba como facer uso dos recursos dispoñibles na rede como fontes de información pero nunca como fontes para a realización mimética de traballos.